

NORMAS XERAIS PRIMARIA

- ENTRADAS E SAÍDAS

A titora de primeiro de Primaria entregara os alumnos pola cristaleira da clase, durante o primeiro trimestre, o resto do curso os alumnos sairán pola saída do resto de cursos.

Pregámosvos que colaboredes con nós coa vosa puntualidade nas horas de entrada e de saídas.

O horario variará nos meses de setembro e xuño.

-Setembro e xuño:

Entrada desde as 9.00 h ata as 9:10 h, pola rúa Salvaterra. A partir das 9.10 h considerarase retraso e entrarase pola portería.

Saída ás 14: 00 h.

- De outubro a maio:

Entrada ás 9:00 h e 14:30 h. Saída ao mediodía, ás 12:30 h e pola tarde ás 16: 30 h. As saídas ou entradas ao centro por visita médica serán xustificadas previo aviso ao titor/a. Saídas puntuais noutras horas por visitas médicas a especialistas (con previo aviso por parte dos pais ao titor) realizaranse por portería, onde terán que asinar conforme levan o alumno.

- COMIDAS

Ás 15: 50 h, poderán facer un pequeno almorzo. Recomendamos non abusen da bollería industrial.

O comedor escolar comezará ás 13:00 h, aproximadamente. Os nenos entrarán por quendas segundo o seu curso. Primeiro entran os nenos de primeiro e así sucesivamente.

Os nenos que teñen algunha extraescolar comen despois de rematar a súa actividade.

Despois de comer sairán ao patio a xogar.

-Enfermidades e medicacións

Pola saúde do noso alumnado, non deben asistir ao colexio os nenos que presenten:

-Febre de 37,5º

-Diarrea

-Infección de ollos (conxuntivite), boca (estomatite).

-Erupcións e alteracións da pel. En caso de non seren infecciosas presentar un xustificante médico que así o verifique.

-Piollos (ata a desaparición total das larvas). Aconsellamos lavar toda a roupa, coxíns, peluxes... que puideran estar en contacto co neno/a.

Cando un neno ou nena pasou unha enfermidade infecciosa é preciso que traía a alta médica.

Só se administras medicación con todas as indicacións precisas do médico e cunha autorización eximindo de calquera responsabilidade á persoa que o administra.

-Vestuario

Os alumnos levarán o chándal do colexio os días de EF e nas excursións.

-Aniversarios

As invitacións de aniversario non se poderán repartir en clase e están prohibidas as bolsiñas de chuches.

-Xoguetes

Os nenos NON traerán xoguetes á escola, a menos que o profesor o permita por algún motivo. Evitarase desta maneira conflitos innecesarios. Non se lles permite xogar con xoguetes bélicos nin que fomenten a violencia. Durante os recreos fomentaremos xogos de equipo, excepto o fútbol.

-Saídas culturais

Son consideradas actividades educativas dentro do programa escolar e están dentro do horario lectivo. Por iso cremos que é conveniente que os nenos asistan a elas. Tanto se o neno/a vén ou non ás devanditas saídas culturais, é preciso notificalo por escrito mediante a autorización que se lle entrega os pais e , no caso de non asistir á actividade, o neno permanecerá no colexio.

Participarán sempre coa equipación deportiva.

-Entrevistas e informes

Os profesores responsables dos vosos fillos están á vosa disposición.

Disporán dunha hora semanal para titorías, con cita previa.

Ao finalizar o trimestre farase un informe de avaliación a cada neno.

-Comunicacións

Para calquera comunicado con persoal docente, cada membro do equipo dispón dun correo electrónico que podedes atopar no apartado “Profesorado” ou a través da axenda escolar.